



**SEREI QUEN DE CREAR A
MIÑA PROPIA MÚSICA?:
MICROUNIDADES PARA A CREACIÓN
MUSICAL CO LINUX MULTI-MEDIA STUDIO
(LMMS)**

**CUESTIÓN DIDÁCTICA:
PROPOSTA DIDÁCTICA**

**NIVEL MEDIO
EMPREGANDO AS UTILIDADES
PRINCIPAIS DO LMMS
(CREANDO AS NOSAS PRIMEIRAS
COMPOSICIÓN)**

JORGE J. SUÁREZ NAVIA
-Xuño 2017-



ÍNDICE

1. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA ENFOCAR A ENSINANZA E A AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DE CONTIDOS DO NIVEL MEDIO



1.1. ORGANIZACIÓN DOS VIDEOTITORIAIS

1.2. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA CADA UN DOS EPÍGRAFES

1.2.1. EDITOR DE RITMOS E LIÑA DO BAIXO ou LIÑA BASE

1.2.2. 1.2.2. PIANO ROLL ou PIANOLA

1.2.3. A ÁREA DE TRABALLO DO LMMS



1. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA ENFOCAR A ENSEÑANZA E A AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DE CONTIDOS DO NIVEL MEDIO

1.1. ORGANIZACIÓN DOS VIDEOTITORIAIS DO NIVEL MEDIO

Este Nivel Medio agrupa tamén os videotitoriais en tres bloques de contidos aínda que poderíamos presentar todo este material como un continuo na procura dun fin moi concreto: coñecer pero xa traballando dun xeito máis práctico, as tres ferramentas básicas do LMMS.

Con estas tres utilidades: o Editor de ritmos e liña de baixo, o Piano Roll ou Pianola e o Editor de canción estamos xa en disposición de poñer en práctica moita da información que xa teríamos adquirida respecto do primeiro nivel de videotitoriais anteriores pero, e sobre todo e resulta ser o máis atractivo para docentes e alumnado, poderemos poñer en funcionamento, sobre a práctica, se non todos si moitos dos coñecementos que deberan ter ido acumulando alumnos e alumnas durante tanto tempo: aspectos de ritmo como as figuras musicais, os compases...; os elementos do son para a creación de melodías como as notas, os saltos, os arpejos, as escalas...; cuestións de harmonía, no relativo a tonalidades, acordes...; valorar as posibles texturas a empregar nas creacións, con maior ou menor número de voces (de monódicas a polifónicas), máis ou menos compactas (homofónicas) ou independentes (contrapuntísticas), máis ou menos habituais no consumo actual da música (melodía acompañada); e sobre todo tamén un achegamento ó timbre gracias ós bancos de son que poden manexar xa co programa.

Realmente reside aquí a grandeza que nos permiten as novas tecnoloxías: habilitan ó noso alumnado para manexar e manexarse cos cinco elementos da música (ritmo, melodía, harmonía, textura e timbre), controlándoos e tomando decisións sobre eles na procura do mellor resultado posible.

Polo tanto, calquera proposta metodolóxica que fagamos dende agora ten que ser eminentemente práctica, a lo menos o suficiente como para provocar ó noso

alumnado na creación musical con todas as implicacións que iso trae consigo: manexar e decidir sobre ritmos, melodías, harmonías, texturas e timbres.

Imos tratar de comentar que é o que se recolle en cada un deles, indicando como proceder segundo o caso.

1.2. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA CADA UN DOS EPÍGRAFES

1.2.1. EDITOR DE RITMOS E LIÑA DO BAIXO ou LIÑA BASE

A estrutura que ordena estes videotutoriais que traballan esta ferramenta é a seguinte:

VIDEOTUTORIAIS 1.1. e 1.2.:

Permítenos achegarnos a este editor dun xeito teórico moi básico (1.1.) e dun xeito totalmente práctico (1.2.). De feito, a proposta que lanzamos é a de que se pasen ó alumnado os dous videos e automáticamente se lles indique que deben crear un ou varios ritmos antes de que a clase remate e sobre os patróns que, como neles se ve, o propio programa propón.

Unha vez rematados, deberan ser quen de gardalos nos seus ordenadores: podería ser interesante que na clase seguinte, ó inicio da mesma, o alumnado vaia escoitando o que eles/elas mesmos/as fixeron e así o profesor tamén pode valorar se continuar no proceso de aprendizaxe ou pararse un pouco máis. O achegamento vai ser directo e os resultados inmediatos o que animará ó alumnado a afrontar os novos retos que lles propoñamos.

Tamén cabería a posibilidade de que nesa segunda clase, sexan os/as alumnos/as que amosaran un mellor dominio e resultados, os que explicaran ós compañeiros como traballaron e como se argalla coa aplicación.

VIDEOTUTORIAIS 1.3. a 1.6.:

Permiten un coñecemento técnico máis amplo, esperemos que completo, sobre a ferramenta. Xa segundo consideración do docente, poderanse expoñer a toda a clase en conxunto ou ir indicándolle a cada alumno, segundo o seu nivel de consecución, que vaia vendo un ou outro. Tamén pode darse o caso de que o/a profesor/a explique á clase o contido que se traballa neses tutoriais e remitir ó

alumnado a eles no caso de ter dúbidas ou ser preciso, e procederíamos así no caso de que quixeramos ter un tipo de achegamento máis intuitivo e un tanto menos “teórico”.

A proposta é a de que continúen traballando cos ritmos, que sigan creando secuencias e compartíndoas co resto da clase ata o momento final que debera pechar a aprendizaxe sobre esta ferramenta.

VIDEOTITORIAIS 1.7.:

Finalmente, faise unha proposta didáctica do Editor de ritmos empregándoo dende cero, completamente baleiro. Ben podería proxectarse este tutorial e propoñerlles a realización dun produto final co que valorar o proceso de aprendizaxe levado a cabo.

1.2.2. PIANO ROLL ou PIANOLA

Debemos comentar e deixar moi claro que o LMMS non permite traballar con partituras musicais, digamos que non traballa con pentagramas. Como comento nun tutorial destes, estamos a falar de *software* libre e, pola mesma, con carencias debido a que non existe un soporte económico forte que facilite os esforzos da xente que traballa neste proxecto; de feito, podería ser un bo motivo para decidir non traballar con este programa. Ante iso, argumentamos que esperamos que nalgún momento se chegue a solucionar este problema e que, en todo caso, cambiar as figuras e as notas por recadros, dun xeito un pouco máis intuitivo, tampouco é unha cuestión tan tremenda no nivel educativo para o que en principio elaboramos todo este material.

Pois ben, a presentación destes sete videotutoriais é moi semellante á que vimos de ver co Editor de ritmos e liña do baixo. Pola mesma, consideramos que podemos remitirnos ás liñas anteriores e proceder case que exactamente do mesmo xeito pero cambiando ritmos por melodías, figuras por notas musicais. Se acaso, comentar que poderíamos traballar con melodías ou inventadas polos propios nenos ou con melodías da música “clásica”, reproducíndoas no Piano roll motivo que fará que o noso alumnado siga achegándose á música culta.

1.2.3. EDITOR DE CANCIÓN

Con esta última parella de videotutoriais botámonos xa a crear xa unha canción, organizando e montando elementos que se elaboran coas dúas anteriores ferramentas (editor de ritmos e piano roll).

A idea foi a de dar a coñecer este Editor dun xeito moi rápido e sinxelo, pero tamén moi básico e por iso que resulten dous videotutoriais. Pero tamén, e ven a ser o principal motivo, que esta mantén a mesma lóxica de funcionamento que as outras dúas ferramentas e, de feito, moitas das utilidades se repiten: por iso non entramos nelas de novo, porque o alumnado debere estar xa en disposición de manexalas sen ningún tipo de problema e o proceso de aprendizaxe debere ser moi rápido para a inmensa maioría de alumnos e alumnas.

En canto á proposta metodolóxica, entenderase tamén que non lle adiquemos moito máis: debe ir na mesma liña indicada para as ferramentas anteriores.

CUESTIÓNS DIDÁCTICAS:

PROPOSTA DIDÁCTICA PARA O TRABALLO CO NIVEL MEDIO DO LMMS

Jorge J. Suárez Navia

Xuño-2017